



## B) Cotas mínimas:

TIPO DE OBRA	ESTIMACIÓN ORZAMENTO	TAXA AUTOLIQUIDACIÓN MÍNIMA
Muro de protección (proyecto)	61 €/m <sup>2</sup>	43,57 €
Muro de peche	69,72 €/m <sup>2</sup>	43,57 €
Pintado de fachadas (sen andamio)	6,97 €/m <sup>2</sup>	87,15 €
Cambio de fiestras	104,57 €/m <sup>2</sup>	26,14 €
Cambio de portas	103,72 €/m <sup>2</sup>	26,14 €
Cambio de tellas	43,57 €/m <sup>2</sup>	87,15 €
Construcción galpón de 60 m <sup>2</sup>	130,72 €/m <sup>2</sup>	87,15 €
Movemento de terras	2,61 €/m <sup>2</sup>	43,57 €
Pozo de auga (3 m a lindeiro e 20 a pozo de auga)		43,57 €
Fosa séptica 3 m a lindeiro e 20 a pozo de auga)		43,57 €
Tala de árbores	43,57 €/ud.	87,15 €
	871,51 €/ha	
Demolición	13,08 €/m <sup>2</sup>	87,15 €
Colocación de antenas e pequenos elementos (toldos, iluminación)	130,72 €/m <sup>2</sup>	26,14 €
Acondicionamento de local	217,86 €/m <sup>2</sup>	130,72
Reforma interior en vivenda	216,44 €/m <sup>2</sup>	130,72

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº25 REGULADORA DO IMPOSTO  
SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

**PREÁMBULO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.2 e 59.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Salceda de Caselas regula o imposto sobre actividades económicas, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

Ó abeiro do establecido no artigo 15.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Salceda de Caselas procede a aprobar a presente Ordenanza fiscal que ten por obxecto regular aqueles aspectos ós que a Lei remite a súa ponderación pola corporación local.

**ARTIGO 1:**

A natureza do tributo, a configuración do feito imponible, a determinación dos suxeitos pasivos e da base de tributación, a aplicación de beneficios fiscais, a concreción do período impositivo e o devengo, así coma os réximes de administración e xestión, regularase consonte co establecido na Subsección terceira da Sección terceira do Capítulo segundo do Título II do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e na restante normativa de aplicación.

**ARTIGO 2:**

A cota tributaria será o resultado de aplicar ás tarifas do imposto, o coeficiente de ponderación regulado no artigo 3 e, no seu caso, o coeficiente de situación.

**ARTIGO 3:**

De acordo co que prevé o artigo 86 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sobre as cotas municipais de tarifa aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo dacordo co seguinte cadro:

IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS	COEFICIENTE
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31



Para os efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo co previsto no artigo 82.1 e) do texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**ARTIGO 4:**

Este Concello non fixa coeficiente de situación.

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

**"ORDENANZA FISCAL Nº 5 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO****PREÁMBULO**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Salceda de Caselas establece a taxa pola prestación do servizo de recollida do lixo, a que se refire o artigo 20.4.s) do citado Real decreto lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

**ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación do servizo de recollida do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou de establecementos onde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, inmobles desocupados e obras.

A tal efecto, considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de vivendas ou locais. Se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, entullos de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou dos que a súa recollida ou vertedura esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

2. A recepción do servizo de recollida do lixo ten carácter obrigatorio para tódolos inmobles situados nas zonas onde se preste o servizo.

3. Non está suxeita á taxa os seguintes servizos:

- a) Recollida do lixo e residuos non cualificados de domiciliarios e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.

**ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.



2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos Inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

#### *ARTIGO 3.—RESPONSABLES*

1.—Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren a Lei xeral tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.

#### *ARTIGO 4.—BENEFICIOS FISCAIS*

Soamente se admitirán as exencións e bonificacións establecidas en Tratados ou acordos internacionais ou en normas con rango de Lei.

#### *ARTIGO 5.—COTA TRIBUTARIA*

1.—A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2.—A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

<u>TIPO DE USO</u>	
Por cada vivenda no casco urbano e pequenos comercios no rural (anual)	65,00 €
Pequenos comercios no casco urbano	119,87 €
Charcuterías, carnicerías, talleres, bares, cafeterías restaurantes e similares	151,65 €
Supermercados, froiterías e industrias	274,40 €
Por cada vivenda no rural	40,60 €

#### *ARTIGO 6.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO*

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida do lixo domiciliario nas rúas ou lugares onde se sitúen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos utilizados polos contribuíntes suxeitos á taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas esixiranse o primeiro día de cada ano natural seguinte ao do devengo. As cantidades esixibles conforme ás tarifas serán irredutibles polo período sinalado.

#### *ARTIGO 7.—DECLARACIÓN, LIQUIDACIÓN E INGRESO*

1.—Presentaranse mediante o impreso facilitado por este Concello as declaracións de alta, baixa ou modificación no servizo, que producirán efectos no período impositivo seguinte.

2.—A Administración municipal liquidará de oficio e incluírá no padrón a tódolos suxeitos que non presentaran a correspondente declaración de alta

3.—Aos efectos do establecido no apartado precedente, considéranse inmobles obrigados a contribuír, sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 1 da presente ordenanza, os que se atopen en calquera das seguintes circunstancias:

- a) Os incluídos no padrón do Imposto sobre Bens Inmobles ou que teñan solicitado a alta no mesmo.



b) Aqueles que excederan o prazo máximo concedido pola licenza de obras para a construción dos mesmos, aínda cando non obtiveran a correspondente licenza de primeira ocupación.

– Aqueles que contén con subministro eléctrico ou de comunicacións.

4.—A falta de declaración de alta ou modificación no uso, nos casos de obra, determinará a Liquidación de atrasos desde a data da solicitude da correspondente licenza ou desde a data de calquera acto municipal anterior á mesma que declare a existencia das referidas obras, salvo proba en contrario.

5.—As declaracións de alta presentadas así como as liquidacións de oficio, suporán a incorporación do suxeito pasivo ao padrón da taxa polos elementos declarados ou comprobados.

6.—A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo emitido ao substituto do contribuínte, onde constará, de ser o caso, o contribuínte usuario do servizo.

7.—O cobro dos recibos poderase facer:

a) En metálico.

b) Ou mediante domiciliación bancaria.

#### **ARTIGO 8.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei xeral tributaria.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.“

Salceda de Caselas, a 26 de decembro de 2011.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez. 2011012531

## **CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

### **A N U N C I O**

Faise público, de acordo co disposto no art. 169.3 do RD lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, o orzamento do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2012, aprobado definitivamente, o non terse presentado reclamacións contra o acordo do Pleno do Consorcio adoptado en sesión de 16 de novembro de 2011. Corresponden a cada capítulo as cantidades que se detallan:

#### **RESUMO POR CAPÍTULOS**

	A) TOTAL INGRESOS CORRENTES	3.225.100,00
CAPÍTULO 3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	441.628,60
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.781.971,40
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	1.500,00
	<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>3.225.100,00</b>